

## **Gallego, con perdón: Un achegamento literario ao fenómeno do autoodio na Galiza seiscentista**

Galician, If I May Say So: A Literary Approach to the Self-hatred Phenomenon in «Seiscentista» Galicia

Alexandre Peres Vigo<sup>1,a</sup> 

<sup>1</sup> Universidade da Coruña, España

 <sup>a</sup>[alexandre.pvigo@udc.gal](mailto:alexandre.pvigo@udc.gal)

Recibido: 26/05/2022; Aceptado: 28/06/2022

### **Resumo**

A presenza do autoodio na sociedade galega representa, desde as últimas décadas, un elemento de crecente interese nos estudos de sociolingüística galega contemporánea. A súa transcendencia social resulta visíbel hoxe en numerosos fenómenos sociais como a progresiva substitución lingüística en favor do español, así como o proceso xeral de asimilación cultural experimentada en Galiza. Porén, a reflexión acerca do autoodio, identitario e lingüístico, xa ten chamado a atención de numerosos autores setecentistas entre os que destaca Martín Sarmiento, crítico cos prexuízos antigalegos da súa época, como da interiorización destes en boa parte da poboación galega da altura. Perante a escaseza de testemuños directos, a literatura española do século XVII perfílase como unha fonte documental de extraordinario valor, susceptíbel de explicar diferentes praxes relativas ao autoodio galego, así como propor unha cronoloxía satisfactoria sobre este fenómeno social. Do mesmo xeito, a análise literaria permite situar na diáspora os primeiros testemuños de autoodio galego, así como unha menor incidencia nas capas socialmente máis privilexiadas.

### **Abstract**

During the last decades, the presence of self-hatred in Galician society has been met with a growing interest among studies of contemporary Galician sociolinguistics. Its social significance is visible nowadays in several social phenomena, such as the progressive linguistic replacement in favour of Spanish, as well as the general process of cultural assimilation experienced in Galicia. However, self-hatred, both in terms of identity and of language, drew the attention of numerous authors already in the 18th century, most notably Martín Sarmiento, who was critical of the anti-Galician stereotypes of his time and their internalization by much of the Galician population. In the face of the scarcity of first-hand accounts, Spanish 17th century literature emerges as a documentary source of exceptional value, able to shed light on different practices related to Galician self-hatred as well as helping to propose a sound chronology of this social phenomenon. In addition, this literary analysis allows us to locate in the diaspora the first evidences of Galician self-hatred, as well as its occurrence to a certain degree in the more socially privileged strata.

**Keywords:** Self-hatred; Galician language; Spanish literature; sociolinguistics; gallaecophobia; 17th century.

## 1. INTRODUCCIÓN

Analizado con maior énfase desde o eido da sociolingüística, a presenza do autoodio (*self-hatred*) ou da estereotipación negativa na sociedade galega actual ten sido obxecto de estudo na sociolingüística galega especialmente desde a segunda metade do século XX. Porén, como sinalou Freixeiro Mato (2014: 118), o certo é que a presenza e uso do termo, mesmo en publicacións especializadas, non deixou de resultar exiguo até as últimas dúas décadas. É como consecuencia deste fenómeno psicosocial, onde a sociolingüística galega vén situando tradicionalmente a aparición de diversos procesos como a substitución lingüística en favor do español, a aparición e presenza da diglosia ou a fenda na transmisión interxeracional que acusa o idioma galego na actualidade (vid. Loredó 2015) comprometendo así a súa sobrevivencia. Un proceso, este último, acelerado durante o Réxime franquista (1936-1975), e que atopa, dentro dos límites da comunidade autónoma, un dos seus principais motores no actual modelo educativo, convertido, de facto, nun contexto desgaleguizador e de inmersión en español<sup>1</sup>.

É certo, con todo, como sinalou Monteagudo (1997: 243), que a presenza do autoodio e dos seus efectos sobre a lingua xa suscitou numerosas reflexións desde o século XIX, e aínda un século antes, tal como pon de manifesto a censura de Martín Sarmiento verbo dalgunhas prácticas lingüísticas presentes na Galiza setecentista. É neste contexto, onde se enmarcan as críticas que o beneditino galego dedicaba ao «odio que tienen [os galegos] contra su lengua» (apud Santamarina 1997: II, 60), á hora de propor a compilación dun cancionero galego. Similares críticas aínda se repetirían posteriormente da man de, entre outros, Xoán Manuel Pintos na súa *Gaita Gallega*<sup>2</sup> (1853) ou Eduardo Pondal, autor da peza «A lingua tiveran por lingua d'escravos», a través da que o bergantiñán denunciaba a «vergoña lingüística» e a interiorización dunha imaxe desprezativa do idioma en parte da poboación galega (Pondal 2017: 445).

Considerado o factor lingüístico como un dos elementos culturais máis representativos dun grupo étnico (vid. Coupland, Giles & Coupland 1991), e mesmo un verdadeiro categorizador grupal (Kristiansen 2003: 81), no caso galego o elemento lingüístico conforma todo un signo identitario no contexto peninsular. Así, desde a Idade Media a lingua semella ter conformado o sinal de galegitude máis representativo para os habitantes dos territorios peninsulares máis próximos a Galiza, tal e como o sinalaba en 1433 o xudeu castelán Mosé Arragel, para quen a lingua representaba un inequívoco marcador étnico (apud Mondéjar 1991: 133):

Bervigracia en Castilla sean cognoscidos leoneses e sevillanos e gallegos. E aunque en parte quieran por vía de descognoscimiento fablar vocablos e motes qualque [*sic*], tantos ende avera que ninguno destes cambiar non podra, por onde de nescesario cognoscidos son.

Esta relevancia da lingua na identidade étnica e/ou nacional galega mantivo toda a súa vixencia na Idade Moderna, converténdose nun recurso frecuente á hora de caracterizar os personaxes galegos. Así o advertía Caramés Martínez (1993: 158-9) ao sinalar como o código lingüístico constituía un verdadeiro indicador de galegitude en obras españolas como *La*

<sup>1</sup> Vid. ao respecto o recente *Mapa sociolingüístico escolar de Ames* (2021).

<sup>2</sup> «E catro farafullñas / Se gaban de non sabelo» (apud Freixeiro Mato 2009: 139).

*verdad en el potro* (1667), onde Francisco Santos aludía á lingua como elemento que permitía aos centropeninsulares diferenciar os galegos doutros pobos:

Venían al puente cuatro hombres de diferente traje; el uno vestido de sayal, y en una razón conocimos que era gallego, porque dixo «fillo» a un muchacho; el otro dixo «Fijo, ven acá». Este es castellano viejo. Otro dixo «Hijo, menéate». Este es castellano nuevo.

Debido ao papel fundamental da lingua na imaxe exóxena do grupo, isto é, no seu heteroestereotipo, o estudo do autoodio lingüístico (*linguistic self-hatred*) resulta disasociábel da súa conexión co autoodio (*self-hatred*) grupal baixo un cariz integral. Así pois, debemos comprender o autoodio lingüístico como a proxección dunha autoestereotipación negativa sobre a lingua ou variedade lingüística dun individuo ou grupo humano. Sobre a conexión entre estereotipo, lingua e preconceitos lingüísticos, xa se ten subliñado o efecto halo que se produce á hora de vulgar un idioma en base ao estereotipo asociado á súa comunidade lingüística<sup>3</sup>. Desde este punto de vista, xa Kang & Rubin (2014) sinalaron que a consideración, positiva ou negativa, dunha lingua estaba directamente ligada á consideración estereotípica dun grupo a través dun proceso que coñecemos como «estereotipación lingüística inversa» (*reverse linguistic stereotyping*):

RLS [reverse linguistic stereotyping] suggests that listeners ascribe stereotyped characteristics to speech (i.e., listeners hear nonstandard accent where none maybe present, for example) based on information supplied about the speaker's social identity even before hearing the speech (Kang & Rubin 2014: 242).

Nesta consideración xogan un papel destacado factores exóenos como o supremacismo cultural, a ideoloxía centro-periferia ou o etnocentrismo, entre outros (Kravitz 2004: 74). Estes mecanismos psicosociais son os que explican, en última instancia, os prexuízos lingüísticos dun grupo dominante sobre unha minoría desfavorecida. Baixo esta perspectiva, a análise da natureza do autoodio lingüístico non resulta desligábel, xa que logo, do propio racismo lingüístico, así como dos procesos históricos, sociais ou económicos responsábeis do xurdimento dunha autoestereotipación negativa e dun sentimento de autoodio nunha determinada comunidade lingüística. Malia ser obxecto de análise na comunidade académica, o certo é que este efecto halo ou dependencia na consideración subxectiva dunha lingua respecto ao afecto, ou desafecto, polo seu grupo utente nunca escapou á propia crenza popular. Así o demostran, no caso galego, as palabras de Juan del Río y Otero con motivo das Festas Minervais en Compostela (1697), nas que atribuíu o desprezo á lingua galega ao feito de ser ela propia de galegos (*apud Freixeiro Mato 2020[1997]: 91*): «na nosa lingua esquecida, / no'mais que por ser galega». Considerando o autoodio lingüístico, xa que logo, como unha parte, especialmente relevante, dun autoodio integral que atinxe a todos os elementos identificativos do grupo, resulta ineludíbel unha proposta etiolóxica e cronolóxica que esclareza a orixe e/ou os primeiros estadios deste fenómeno aínda vixente na sociedade galega. Baixo esta premisa, o presente estudo pretende achegarse a este mecanismo psicosocial a través dun *corpus* literario, ao tempo que propón unha hipótese explicativa e cronolóxica das causas que o propiciaron.

<sup>3</sup> «Understanding the stereotypes that underlie the formation of language attitudes is an important endeavor. A situation where a speaker is judged based on how pleasant their language sounds might have unfavorable social consequences (e.g., the inaccessibility of adequate medical care, housing, or employment). While not all stereotypes are harmful—after all, they are simply generalizations that can be statistically accurate and even helpful at times—some stereotypes are misconceptions that should be subjected to careful scrutiny, especially when they result in “linguistic self-hatred”» (Reiterer *et al.* 2020: 172).

## 2. OS GALEGOS NA LITERATURA ESPAÑOLA SEISCENTISTA: O CORPUS DOCUMENTAL

Concibidos como *constructos* psicolóxicos e/ou psicosociais de carácter universal, os estereotipos, como os prexuízos, atoparon na literatura un dos medios máis produtivos para reflectir, transmitir e mesmo perpetuar os valores, crenzas, ideoloxías e comportamentos dos diferentes grupos humanos (Gray 1998: 117).

Baixo esta premisa, desde o primeiro terzo do século XX, o mundo académico interesado na comprensión de procesos de estereotipación viu na literatura escrita un campo documental onde rastrexar a xénese dos prexuízos intergrupais, así como de certos estereotipos coetáneos e aínda hoxe vixentes<sup>4</sup>. No caso peninsular, foi tamén desde o primeiro terzo do século XX cando se inauguraron os primeiros estudos sistemáticos arredor do ideario colectivo e a imaxe dos diferentes grupos étnicos e/ou nacionais presentes na literatura española aurisecular. Un dos iniciadores desta liña de estudo foi Miguel Herrero García, quen en 1928 publicaba o xa célebre *Ideas de los españoles del siglo XVI*, a través do que o egrexio autor reconstruía o pensamento castelán seiscentista, así como aspectos ligados á lingua, á relixión e á etnografía, entre outros. A través das súas observacións e comentarios, o estudoso andaluz dotou dunha maior comprensión ás diferentes relacións intergrupais que marcaron a vida ibérica entre grupos humanos discordantes en lingua, relixión e costumes (véxase o caso dos vascos, casteláns, mouriscos ou irlandeses, entre outros).

Como unha ferramenta analítica do sentir social e dos estereotipos coetáneos —tamén lingüísticos—, o focamento no rico *corpus* documental que brinda a literatura española seiscentista revela numerosos fenómenos sociais, tales como a intolerancia, a xenofobia ou a tensión intergrupala. Fenómenos, moitos deles, cuxa existencia pasaría practicamente inadvertida sen o seu reflexo no mundo literario. É precisamente neste amplo *corpus* documental, coetáneo, onde se localizan as descrições máis copiosas da comunidade galega —dentro e fóra de Galiza—, e nas que conflúen trazos obxectivos (véxase lingüísticos, culturais ou antropolóxicos), así como subxectivos, marcados estes últimos pola presenza da galaicofobia e o castelán-centrismo. Nesta confluencia de atributos de moi diferente índole cómpre situar os personaxes do «gallego» e da «gallega», a través dos que é posíbel inferir praxes e comportamentos que recordan ao que psicoloxía contemporánea se refire como autoodio (*self-hatred*), tamén no eido particular da lingua.

Sen dúbida, un dos aspectos máis singulares que caracterizaron os personaxes galegos da literatura áurea española foi o uso de expresións denotadoras de desarraigo social, complexo de inferioridade, autoodio ou baixa autoestima. Elementos, todos eles, que a psicoloxía social pon en relación co desenvolvemento, quer a nivel grupal quer individual, dun proceso de «autoestereotipación negativa» ou *negative self-stereotyping* consistente na aceptación ou interiorización dun heteroestereotipo negativo ou desvirtuado que os membros dun grupo, xeralmente estigmatizado e/ou desfavorecido, asumen como propio e consideran un reflexo xenuíno de si mesmos (Jost & Sidanius 2004: 297).

A presenza deste elemento psicolóxico nos personaxes galegos da literatura española aurisecular foi igualmente advertido por Alonso Montero, en especial naquelas obras onde o galego daba «a entender, de alguna manera, que él o sus compatriotas tienen un pobre concepto de ellos mismos» (1974: 31). De gran singularidade dentro da etopea literaria, con certeza este trazo psicolóxico tamén captou a atención doutros investigadores e

<sup>4</sup> Repárese no temperán estudo «The negro in Greek and Roman civilization; a study of the Ethiopian type» (Beardsley 1929).

investigadoras, tales como [Caramés Martínez \(1993\)](#) ou [González Reboredo \(2002\)](#), aínda que baixo diferentes denominacións: *complejo* ([Taboada Chivite 1955: 121](#); [Caramés Martínez 1993: 216](#)), *subestimación*<sup>5</sup> ([Alonso Montero 1974: 15](#)), *sentimiento de inferioridad* ([Buezo 1994: 420](#)), *síndrome de inferioridade* ([González Reboredo 2002: 20](#)), *autodenigración* ([Cid Martínez 2003: 1191-2](#)) ou *complejo de inferioridad histórico* ([Vigo Trasancos 2005: 55](#)).

Aínda que dun punto máis expositivo do que propiamente analítico, as achegas de [Herrero García \(1966 \[1928\]: 213\)](#) constituíron unha das primeiras aproximacións a este peculiar trazo a partir da análise da literatura barroca española. Xa entón Herrero García advertía a presenza de afirmacións autodenigrativas como as que lle eran atribuídas ao personaxe galego de Lobón en *La batalla de Pavia y prision del Rey Francisco*, escrita por Cristóbal de Monroy y Silva (1612-1649). En concreto, esta inseríase nun encontro cómico entre o *gracioso* galego e un personaxe de nacionalidade francesa, onde o primeiro asumía, con total naturalidade, o feito da galegitude e a honradez resultar incompatíbeis ([Teijeiro Fuentes 1996: 230](#)):

Sold. Quién va?

Lobón. Un Aleman Gallego, que aunque Gallego, es honrado [Monroy y Silva 1763: 5](#)).

Mais para alén da inherente intencionalidade xocosa, a atribución desta praxe sobre un personaxe galego evidencia a existencia de certos presupostos psicolóxicos que o propio Monroy y Silva debía considerar verosímiles nun personaxe galego. Entre eles, cabe destacar a propia interiorización que o personaxe demostra sobre os prexuízos atribuídos sobre seu grupo étnico e/ou nacional, mais tamén a propia vontade por ser excluído dun estereotipo que considera socialmente sancionador.

Con todo, a caracterización autodenigrativa que ofrece Monroy y Silva do seu *gallego* non representa un elemento anecdótico nin único na literatura española seiscentista. Tal e como ten apuntado [Caramés Martínez \(1993: 230\)](#), as referencias indirectas a unha autoestereotipación negativa conformaron un recurso xocoso ben recorrente na caracterización literaria dos galegos no período aurisecular español. Non é de admirar, xa que logo, que similares xuízos tamén se atopen noutras obras do mesmo período. Ese é o caso da obra de [Juan Bautista de Villegas, La morica garrida \(1654\)](#), onde o personaxe do criado galego Sancho, de xeito análogo ao Lobón de Monroy y Silva, expresa os mesmos prexuízos sobre a súa galegitude, ao presentala como inherentemente falta de honradez ([Villegas 1654: fol. 150v](#)):

Maestre. Gallego?

Sancho. Si, pero honrado.

No caso do personaxe de Sancho, a *excusatio* adversativa, tan axiña como se revela a súa etnicidade, tamén evidencia que o criado é plenamente coñecedor do estereotipo que rodeaba os galegos no ideario do centro-sur peninsular da altura. Con todo, se tanto a *La batalla de Pavia y prision del Rey Francisco* como *La morica garrida (1654)* permiten situar esta praxe social, a da desvinculación étnica, a mediados do século XVII, en realidade, esta resulta rastrexábel desde inicios desta centuria. Así o demostra a presenza deste trazo en *Santa Casilda (ca. 1614)*, comedia atribuída tradicionalmente a Lope de Vega, onde o personaxe do criado galego Calambre tamén manifesta unha vontade subxacente por contrastar a súa honradez fronte á súa galegitude. Aínda así, se ben no seu caso

---

<sup>5</sup> Repárese en que o autor matiza este termo en nota a rodapé: «el rótulo “autosubestimación” no parece convenir a una colección de textos en que los gallegos no se juzgan a sí mismos» ([Alonso Montero 1974: 31](#)).

non se evidencia a excepcionalidade («aunque gallego, es honrado»), este si revela unha certa autoestereotipación negativa cando precisa, deliberadamente, a súa honradez baixo o cualificativo de «buen gallego honrado». Unha escolla que se realiza fronte a outras posibilidades como «gallego» ou «buen gallego». Termos que, en calquera caso, non satisfacían as ansias delimitadoras e, xa que logo, debían resultar insuficientes á hora de evitar a sanción social e de despexar calquera prexuízo arredor da súa conduta moral: «Yo soy, aunque pese a Mahomilla un buen gallego honrado» (*apud Teijeiro Fuentes 1996: 222-3*).

O mesmo recurso aínda se observa noutra obra da segunda década do século XVII: a comedia tirsiana *Los amantes de Teruel* (ca. 1615). Novamente, é a través dun laciao galego —neste caso, Laín— onde se contrapón a honradez á nobreza moral da galeguidade. Un elemento de finalidade hilarante, por canto se tendía a identificar os galegos como a propia antítese dos estratos sociais privilexiados. De calquera xeito, neste, como nos anteriores casos, resulta significativa a interiorización dunha natureza ruín que Laín manifesta en face das gabanzas de Marsilla (*apud Herrero García 1966 [1928]: 213*):

Marsilla. Eres honrado  
Laín. Y noble aunque gallego.

A mesma reafirmación da *nobilitas* tamén acompañaría a outro personaxe galego, o Trigueros da comedia *El mártir de Madrid* (1619). Nela, dun xeito análogo ao do Laín tirsiano, Mira de Amescua poñía en boca do laciao Trigueros a minusvaloración da galeguidade ao contrapoñela á nobreza (*Mira de Amescua 2014*):

cristiano soy como un roble,  
que, aunque gallego, soy noble.

Documentada na literatura española desde comezos do século XVII, se cadra a mellor mostra da intensidade e popularidade que a autoestereotipación negativa acadou na caracterización dos personaxes galegos foi a súa lonxincua vixencia. Así o manifesta a sobrevivencia deste trazo psicolóxico en obras decimonónicas como a comedia de Pedro Escamilla *Un Gallego* (Madrid, 1864). Neste caso, é na sexta escena onde o personaxe galego de Domingo asume —e partilla— con total naturalidade o estereotipo do galego inmigrante e cobizoso. Unha imaxe que o personaxe non pretende cuestionar («aunque gallego, soy generoso»), mais si da que desexa ser excluído (*Escamilla 1861: 4*):

Cuando yo lo mando  
Deseo que me obedezcan;  
Por eso doy mi dinero  
Si eso es poco, otras dos tenga  
para sí, que aunque gallego  
Soy generoso; en mi tierra,  
Porque son paisanos míos,  
Esta usted? Y fuera de ella,  
Para dejar bien sentada  
La pobre opinion gallega.

Porén, este tipo de expresións propias dun sentimento de autoodio («aunque gallego, es honrado» / aunque gallego soy generoso) conviviron na literatura española moderna con outras moitas que das que é posíbel extraer a asunción dun autoestereotipo negativo. Tal

é o caso da expresión «gallego, con perdón» ou «gallego, con licencia» con que diferentes personaxes galegos buscaron desculpar a súa etnicidade perante os seus respectivos interlocutores. O seu uso xa resulta visíbel en *El Desafío de Carlos V* (1635), obra de Francisco de Rojas Zorrilla, onde o personaxe de Buscarruido, soldado, escusa a súa etnia («gallego, con licencia»). No entanto, o lamento do personaxe incorpora outro elemento identitario, de modo que o literato castelán establece unha explícita antítese entre «español» e «gallego» en que só a segunda categoría nacional se concibe como prexudicial. É na reflexión verbo da súa identidade onde Buscarruido se sente afortunado da súa condición política de español para, a seguir, contraponer a súa indesexada galegitude (ca. 1725-1780: 6):

Yo, señora, soy Soldado,  
pluguiera á Dios no lo fuera,  
Español, por mi fortuna,  
y Gallego con licencia.

Semellante expresión tamén sería utilizada por Juan Bautista de Villegas en *La morica garrida* (1654) a través do diálogo entre o criado galego Sancho e o «Maestre» de Santiago. Nela atopamos, para alén da consabida exculpación, unha referencia explícita ao fenómeno da ocultación da galegitude (fol. 150v):

Maest. Y vos quien sois?  
Sanch. Su criado.  
Maest. De que tierra?  
Sanch. No la niego,  
Yo soy con perdon Gallego.

Nunha obra tan paradigmaticamente antigalega como *La vida i hechos de Estevanillo Gonzalez* (1646), a fórmula «con perdón, gallego», posta en boca dunha figura galega, resulta igualmente visíbel. Neste caso, é o personaxe de Estevanillo —talvez a figura picaresca que con maior descaro e profusión encarnou este atributo autodesprezativo— quen toma man desta expresión para denigrar tanto a galegitude materna como a súa propia (1646: 2):

I quando tuviera tan mal capricho, i tan hecha la cara al desayre, que me bostezára de su gruta oscura, à ser con perdón Gallego, i à que perdonára à Meco, como todos sus pasados, echaria la sogá tras el caldero.

En realidade, a presenza literaria desta expresión tampouco foi allea aos xéneros máis populares como as panxoliñas castelás de temática galega, tan comúns no século XVII. Non sorprende, tal e como advertiu Catalina Buezo (1994: 417-47), que esta apareza nunha panxoliña «toledana» a través do diálogo de dous peregrinos galegos en que un deles se desculpa diante do portal natalicio tras se identificar como *galeguiño* (Buezo 1994: 424):

Ay! Galeguiños nouos en Belén,  
Ríense os ceos, folgaybos bein.  
¡Ay! De la miña terra he vindo yo,  
E sou eu Galeguiño, con perdón.

Do mesmo xeito, tal e como xa o advertiu Pensado (1999 [1982]: 24), tampouco as panxoliñas compostas por Manuel Bravo de Velasco y Pantoja evitaron a inclusión deste tipo de referencias denotativas dunha autoestereotipación negativa. Así, este fenómeno, xunto á reiterada fórmula expiatoria, resulta visíbel nunha das panxoliñas onde dúas pastoras —unha

galega e outra asturiana— se presentan ante un pastor castelán como «Yo asturiana, con licencia» e «Eu galega, con perdón». Unha autodenigración que, no caso da pastora galega, vai alén da súa estrita etnicidade para manifestar un autoconceito lingüístico especialmente desfavorábel, pois non deixaba de considerar a súa, como unha lingua confusa e inintelixíbel<sup>6</sup>: «[lingua] Galega, que inda é peor». Esta apreciación constitúe un testemuño excepcional por canto comporta, talvez, unhas das representacións máis temperás da presenza dun autoodio lingüístico no ámbito galego.

### 3. DO HETEROESTEROTIPO CASTELÁN AO AUTOESTEROTIPO GALEGO

Tal e como lembra Dundes, o autoodio representa un fenómeno psicosocial estreitamente vinculado á asunción dun estereotipo exógeno (heteroesterotipo) e cuxo desenvolvemento se produce cando «*the minority group accepts the majority group's stereotype*» (1996 [1989]: 24). É, por tanto, un proceso cuxa aparición e desenvolvemento se insire en contextos intergrupais marcados por unha acusada asimetría social e que resulta especialmente frecuente en sociedades marcadas por un presente e/ou pasado colonial en que «*colonized people have accepted the idea that they do have the traits attributed to them by colonizers*» (1996 [1989]: 25). É como consecuencia dese desequilibrio de *status* entre grupos dominantes e dominados cando os membros dos grupos estigmatizados adoitan interiorizar aquel heteroesterotipo negativo que o exogrupo dominante creou sobre eles. Esta aceptación propia, mesmo cando envolve gran negatividade, desenvólvese mediante un proceso que Lewin describiu da seguinte maneira (*apud* Scott 1997: 25):

Accepting the negative stereotypes about his or her own promoted by the privileged group, the individual develops a “negative chauvinism” toward his or her own and is “ashamed” of belonging. Unable to escape that which they disparage and are ashamed about, marginal individuals discover the hatred turns upon themselves.

En opinión de Jost, este fenómeno pode chegar ao seu extremo cando os propios membros do grupo estigmatizado *internalize unfavorable stereotypes of themselves and favorable stereotypes of others as a way to justify the existing hierarchy*. O que propicia, en última instancia, que estes desenvolvan un favoritismo exogrupal nos seus xuízos intergrupais (2001: 91) á vez que emerxe o autoodio, é dicir, o rexeitamento cara ao endogrupo e cara aos seus elementos máis idiosincráticos (lingua, relixión, cultura etc). De calquera xeito, para se producir esa interiorización no endogrupo, é obvio que o heteroesterotipo debe ser creado por un exogrupo con capacidade de influír sobre o primeiro desde unha posición privilexiada (Triandis 1972, *apud* Tajfel 2010: 351).

Baixo esta premisa, resulta coherente o feito de a autoestereotipación negativa atribuída aos personaxes galegos auriseculares reproducir con total exactitude o heteroesterotipo que o imaxinario cultural castelán ou meridional creara arredor dos galegos, en especial sobre aqueles cos que mantiña un contacto directo, é dicir, os inmigrantes. Desde esta perspectiva, resulta lóxico que as consideracións autodenigrativas manifestadas polos personaxes galegos demostren unha total concordancia cos xuízos antigalegos presentes no ideario castelán e español moderno. Nesta mímese ideolóxica cobran sentido caracterizacións lingüísticas como

<sup>6</sup> «Al interpretarlas el pastor preguntándoles quienes son, primero contesta la asturiana: “Yo asturiana, con licencia”, y la gallega “Eu galega, con perdón”. La gallega le trata de «*siñor*» («Miniño o chaman, *siñor*»), «Parece que somos griegos», dice el Pastor, como si no entendiese lo que dicen. “Galega, que inda é peor”, le contesta la gallega mientras la asturiana dice: “Mi lenguaje sí que ye claro”» (Pensado 1999 [1982]: 24).



a que observabamos nos vilancicos de Bravo de Velasco y Pantoja e que, en realidade, viñan a reproducir as coñecidas consideracións peyorativas que imperaron sobre lingua galega na mentalidade castelá renacentista<sup>7</sup>; isto é, aquela que consideraba o galego como un idioma groseiro, rudo<sup>8</sup> e incomprendible, tal e como o describía Gonzalo García de Santa María a finais do século XV, ou unha «lengua de aguadores y lacayos» como aínda o xulgaba Mira de Amescua a comezos do XVII.

Nesta mesma liña explicativa baseada na natureza exógena cómpre situar a expresión exculpatoria «gallego con perdón» e/ou «con licencia, gallego», pois, se ben que en opinión de Teijeiro Fuentes (1996: 230), con ela se transmitía a idea de que «el gallego pida excusas por el mero hecho de serlo», o certo é que tras ela apenas se agochaba o reflexo dun costume ben habitual en Castela. Así o demostra o seu uso no romance «Con sus trapos Inesilla», incluído na *Primavera y flor de los mejores romances* (1621) de Arias Pérez, onde a expresión —precedendo ao peyorativo «Galleguito»— parte dunha voz non galega (1954 [1621]: 221):

quando por la puente asoma  
vn siruiente de vn doctor  
lacaio sin vergüenza,  
galleguito, con perdon.

A atribución desta expresión en boca dun non-galego permite inferir que o uso da expresión «gallego, con perdón» entre os personaxes galegos non representa, ao contrario do que apuntaba Teijeiro Fuentes, unha expresión de desafecto propio, senón, en todo caso, a mímese dun comportamento foráneo. Sobre esta cuestión, xa Pensado reparou en que este tipo de manifestacións deben ser, en calquera caso, consideradas dentro dun contexto lingüístico cuxa amplitude excede, con moito, o caso galego, pois era «la misma disculpa o licencia o perdón que seguía entre gente fina al nombrar animales (cerdo, puerco) o cosas no decentes» (1999: 24). Esta mesma idea xa fora exposta por Herrero, para quen antepor «a la palabra gallego el «con licencia» viña dado pola profunda negatividade que na sociedade castelá/española adquirira o epíteto *gallego*, pois esta praxe lingüística tamén era común «al nombrar cuerno, cochino, etc.» (1966 [1928]: 217). Para alén destas, o certo é que esta práctica tamén se documenta amplamente no español en relación a outras palabras consideradas irreverentes ou de mal gusto, tales como *necio*<sup>9</sup> ou *diablo*<sup>10</sup>. Esta equivalencia semántica non fai senón reincidir no valor netamente desprezativo que acadou na sociedade española moderna o termo «gallego».

Como un dos paradigmas literarios do autoodio galego atopamos o personaxe do pícaro de Estevanillo Gonzales, a quen o seu creador, procurou facer pasar por autobiografista. Tras as súas satíricas alusións ao reino de Galiza e tras o «especial deleite en hablar mal de su patria y de sus cosas» (Pensado 1985: 105), atopamos a asunción explícita dun heteroesterotipo definido por todos aqueles tópicos que acompañaron a Galiza no ideario

<sup>7</sup> Un criterio amplamente difundido a través da paremia: «Somos Gallegos, y no nos entendemos» (Núñez 1555: fol. 122r), «Somos griegos, i no nos entendemos, ó somos gallegos» (Korreas 1627: 328), e aínda concibida como unha «lengua de aguadores y lacayos» (Mira de Amescua 2014 [1640]).

<sup>8</sup> Así se desprende das palabras de Gonzalo García de Santa María (1447-1521) no prólogo de *Las Vidas de los Santos Religiosos ou Vitas Patrum* ao se referir a «algunas tan grosseras e asperas lenguas como es Galizia, Vizcaya, Asturias y Tierra de Campos» (apud Mateo Palacios 2013: XLVII).

<sup>9</sup> «quiero ser bien entendido, que es de necios (con perdón)» (Hurtado de Mendoza 1728: 87).

<sup>10</sup> «Y dixo el diablo, hablando con perdón» (Quevedo 1699: 320).

español da época. Este profundo desprezo cara ao seu país resulta omnipresente ao longo da obra, onde o propio pícaro protagonista non deixar de considerar que «lo peor de sí mismo se debe a su ascendencia gallega [...] convencido, además, de que sus males tienen origen en la debilidad, en la falta de personalidad de su Salvatierra natal<sup>11</sup> «rabo de Castilla, servidumbre de Asturias y albañar de Portugal» (Gómez Yebra 1988: 44-3). Unhas ideas ben asentadas no ideario castelán coetáneo e que o propio personaxe semella interiorizar e reproducir.

En realidade, este sentimento de desarraigo étnico xa aflora no *Estevanillo* desde o propio comezo da novela, momento en que o pícaro se declara «medio hombre i medio rocin: la parte de hombre, por lo que tengo de Roma; i la parte de rocin por lo que me toco de Galicia» (1646: 37). Un desdén polo seu grupo de pertenza que corre parello ás palabras do tamén galego Carballo, personaxe creado por Tirso de Molina na comedia *Escarmientos para el cuerdo*, e quen, ao responder a García pola súa procedencia, fai uso da mesma referencia xenealóxica respecto do *rocín* (1636: fol. 65v):

Garc. Gallego eres?  
 Carb. De à cavallo,  
 porque un rocin, aunque en pelo,  
 me jubilaba del suelo.

En ambos os dous casos, a aparente interiorización dunha «bruta bestialidad» (Leahy 2008: 110) representada polo *rocín* e a súa deliberada relación coa galegitude, semella fundamentarse —máis unha vez— na consideración de *bestas* ou escravos *per natura* que no imaxinario colectivo castelán adquiriran os galegos. Tras esta idea animalística tamén se atopaba o tópico das *hacas galicianas*, consideradas eguas especialmente enganosas e identificadas como *hacas falsas*. Unha idea que en opinión de Leahy «proviene de un imaxinario [castelán] netamente popular y tradicional que asocia tales rasgos con las yeguas específicamente gallegas» (Leahy 2008: 96). A raíz desta animalización acabaría por se desenvolver a alegórica *coz gallega* ou *coz galliciana*, símbolo de deslealdade galega no ideario moderno de Castela. Esta representa outro dos tópicos interiorizados con que o autor do *Estevanillo* caracterizou o pícaro protagonista, lexitimando —baixo este paradigma de falsidade— as accións do personaxe, especialmente aquelas que comportaban aleivosía e engano (1646: 37):

i negandole el tener padre, ni ser medio Romano, me vendì por Gallego: i se echò muy bien de ver que lo era en la coz que le di, i en la que le quise dar.

Da mesma maneira resulta visíbel este nexo burlesco en diferentes panxoliñas do século XVII procedentes do centro peninsular, até o punto de os personaxes galegos, pastores as máis das veces, asumiren a falsidade como un trazo inequivocamente galego (*apud* Bravo-Villasante 1978: 106):

Dixen que la mula  
 Es nossa paysana.  
 Si ela tira couzes,  
 Galega e sin falta.

<sup>11</sup> É de considerar a posibilidade de esta pexorativa descrición non ter por único obxecto a vila de Salvaterra, senón a propia Galiza.

Ligado estreitamente ao «couce galego» (*coz galiciana*), a idea de falsidade ou falta de honra e a súa expresión («honrado pero gallego») a través de personaxes galegas tamén semella ter comportado un trazo exógeno. Evidénciao a súa inclusión na comedia de Juan Pérez de Montalván, *El valiente más dichoso, Don Pedro Guiral* (1638), cando un personaxe non-galego —Estefanía— fai uso da mesma expresión, revelando deste xeito a súa orixe foránea (Pérez de Montalván 1638: fol. 241r):

Estefanía. A mi y todo me ha alcanzado  
su pedaço: pues tambien pierdo a Beltran,  
que aunque Gallego era hōrado.

En realidade, esta consideración negativa xa resulta lonxica e ben asentada no imaxinario cultural castelán e/ou meridional. Non en van a súa presenza xa se documenta no refraneiro popular castelán desde o século XV, tal e como demostran paremias como *Mete gallego en tu pajar, y faser se te ha heredero* (García de Castro 2006: 195), *Paz de Gallego, tēla por agero* (Núñez 1555: fol. 93r) ou *A juezes Galizianos, cō los pies en las manos* (Núñez 1555: fol. 4v; Korreas 1627: 12). Se ben que a deshonestidade foi, en efecto, un dos trazos heteroesterotípicos máis amplamente repetidos polos personaxes galegos auriseculares, con certeza este apenas se sumou a outras atribucións negativas como a cobiza, a preguiza ou a lentitude. Esta última presunción atribuída á comunidade galega destaca na comedia tirsiana de *La villana de la Sagra* (ca. 1606) no momento en que dona Inés, disfrazada de home, acepta ser paxe de don Pedro e realizar unha encarga. É nese momento cando decide advertir que, malia a súa galeguidade, esta non suporá ningún impedimento para realizar axiña e eficientemente a encomenda (Tirso de Molina 1634: fol. 218v):

Y boluer con el recado,  
porque aunque Gallego, andado  
tengo ya de Alcalà a Huete.

Neste, ao igual que a interiorización do trazo da deshonestidade, a lentitude ou preguiza fundaméntase no tópico que consideraba folgados ou faltos de actividade os galegos. Da súa gran presenza no imaxinario colectivo seiscentista fala a propia existencia da paremia *Andar, gallegas, en kinze días, kartoze leguas*, rexistrado por Gonzalo de Korreas no seu *Vokabulario de Rrefranes* (ca. 1627: 62).

#### 4. ENTRE O CARÁCTER XOCOSO E O REFLEXO SOCIAL

A pesar da presenza da autoestereotipación negativa comportar un trazo doadamente visíbel na figura literaria da *gallego*, o certo é que desde a primeira metade do século XIX a crítica literaria gravita entre consideralo un recurso xocoso de carácter meramente literario ou o reflexo literario dunha praxe real, presente nunha parte da diáspora galega. Verbo desta cuestión, Herrero García considerou este tipo de expresións autodenigrantes apenas como «frases mortificantes en la apariencia» (1966 [1928]: 217); un recurso humorístico, por tanto, que estaba lonxe de reflectir fielmente unha práctica social. A mesma liña explicativa asumiu Caramés Martínez, para quen esta «burla de si mismo» conforma, no fondo, un aspecto común nos personaxes de «pícaros» e «graciosos», con independencia da súa orixe étnica (Arjona 1939: 3-9, *apud* Caramés 1993: 229). A pesar de que, como apunta Caramés, a autodenigración non representa un trazo estritamente galego nos personaxes pícaros, con certeza a burla en razón de etnia si comportou, en efecto, un recurso orixinal e identificativo

destes «graciosos» galegos ao longo da literatura española aurisecular. Unha singularidade que dificilmente podería ser explicada satisfactoriamente se esta se atopar inconexa dun comportamento social, visíbel e obxectivo.

Nesta dirección son diversas as referencias documentais de carácter non literario que apuntan á posibilidade de que este singular proceder, puido, en efecto, constituír un reflexo satírico dunha praxe real. Así o considerou [Taboada Chivite \(1955: 121\)](#), quen considerou estas un reflexo literario derivado dun «complejo de inferioridad», opinión compartida por Cid Martínez, para quen a verosimillanza deste trazo na Idade Moderna resulta tácito no «buen humor »con que, segundo este, as elites galegas asumiron «las matracas y dichos denigratorios que los demás prodigaban contra Galicia» ([Cid Martínez 2003: 1196](#)). Un exemplo deste comportamento evidénciase, en opinión deste autor, nunha comunicación epistolar que en 1687 enviaba o daquela marqués de Vilagarcía, Antonio José de Mendoza Caamaño y Sotomayor [1667-1746], ao conde de Puñonrostro, por entón enviado a Galiza en calidade de gobernador:

Bien te persuadirás de mi amistad el alboroto que me ha debido tu carta de 22 de Abril para decirme en ella habías llegado con salud a ese Reino, con perdón, adonde habrás visto [...] si Góngora tuvo razón en lo que escribió de esas montañas. Bien pareces hijo de padre en continuar la guerra que me hacía con los nabos de ese País. Pero, en fin, estaste en él, aunque sea por gobernador, con que me vengo, pues han dicho algunos que ni a ser [*sic*] Santiago se puede ir a Galicia.

Réplica de chanzas entre aristócratas, distendidas cando menos en aparencia, o certo é que non semella que os tópicos sobre Galiza resultasen especialmente insultantes a ollos do marqués de Vilagarcía. Un feito que para Cid Martínez non deixa de demostrar até que punto «era habitual que los próceres del país [Galiza] asumiesen con naturalidad las pullas contra el viejo reino y sus habitantes» ([2003: 1196](#)). Non só iso, as palabras de Mendoza Caamaño y Sotomayor, de orixe galega, manifestan un amplo coñecemento dos prexuízos antigalegos da época mais tamén un certo afastamento do reino galego, ao que se refire como «ese país» e «ese reino». Neste punto, tampouco resulta accesorio o uso da recorrente *excusatio* que o propio aristócrata introduce cando menciona Galiza («a ese Reino, con perdón»). A súa non era, en ningún caso, unha praxe nin impropia entre a nobreza galega a que este pertencía nin moito menos novidosa. A este respecto, sorprende a interiorización que mostra nunha das súas cartas Diego Sarmiento de Acuña, un dos principais apoloxistas do reino de Galiza na altura, ao se referir á «súa terra» non sen utilizar a consabida fórmula expiatoria (*apud* [Durán-Loriga 2006: 24](#)):

He de procurar desembarcar en Bayona para descansar allí y en Gondomar algunos días, que ruin sea quien no quiere bien a su tierra, aunque sea *Galicia, con perdón*.

Actitudes como as anteriores puideron inspirar as palabras que a condesa Marie-Catherine d'Aulnoy poñería en boca dun nobre galego, Sancho Sarmiento<sup>12</sup>, na súa *Relation du Voyage d'Espagne* (1690-1691). Nelas, malia gabar a grandeza e riquezas de Compostela<sup>13</sup>, o cabaleiro galego referíase ao seu reino natal baixo parámetros nomeadamente negativos, ao describilo como pobre e de escasa beleza, aspectos, por outra parte, ben presentes nos tópicos casteláns<sup>14</sup> ([1699: I: 228](#)):

<sup>12</sup> Ao igual que Foulché-Delbosc, Harguindey Banet considera o personaxe puramente ficticio (2013: 53).

<sup>13</sup> Unha consideración que non deixa de ser matizada cos louvores que o propio cabaleiro concedía a Compostela, sinalando que «il n'y en a guerres en Espagne qui luy puisse être superieure en grandeur ni en richesses» ([1699: I, 228](#)).

—¡Ah, Madame! —s'écria-t-il, vous me voulez insulter; car je ne doute pas que vous ne sçachiez que la Galice est si pauvre, & d'une beauté si mediocre, qu'il n'y a pas lieu de la vanter [...].

Para autores como Vigo Trasancos, «no cabe duda que son palabras que ponen de manifiesto una visión negativa de Galicia, un desapego hacia su tierra natal, y hasta, por qué no decirlo, una especie de complejo de inferioridad histórico» (2005: 55). Sorprendentes para Foulché-Delbosc<sup>15</sup>, en realidade, as palabras atribuídas a Sancho Sarmiento non deixan de representar a aceptación e interiorización dunha imaxe exógena, un heteroesterotipo coincidente co retrato demonizado e desvirtuado que o ideario do centro-sur peninsular reflectiu a través da súa literatura coetánea. Partilla esta idea o propio Vigo Trasancos, quen considera o xuízo de Sancho Sarmiento «determinado seguramente por el viejo e insistente menosprecio que la opinión pública española [...] había mostrado por todo lo que tenía que ver con Galicia y los gallegos» (2005: 55). Unha consecuencia, xa que logo, da forte influencia que esta «corrente denigrativa do reino e dos seus moradores» mantivo na sociedade galega (Saavedra 2010: 288). Aínda cabería sumar a estes testemuños emanados de plumas e voces aristocráticas, a de certos eclesiásticos ilustrados, tales como o propio Martín Sarmiento ou Diego Antonio Cernadas de Castro, o Cura de Fruíme. O primeiro deles, no seu *Onomástico etimológico* (1758-1769) refírese directamente a aqueles «gallegos eruditos y curiosos» para que «no hagan estudio de olvidar su idioma [galego] por complacer a los castellanos » (apud Filgueira Iglesias de Urrea 1995: 263). No caso do segundo, o certo é que malia se erixir como un dos representantes máis consagrados da vindicación de Galiza non deixaba de mostrar a interiorización dunha certa negatividade até aceptar a desventura e infelicidade do país<sup>16</sup>.

## 5. ETIOLOXÍA E CRONOLOXÍA DO FENÓMENO

Tal e como o manifestaron desde mediados do século XX os estudos de Kurt Lewin (1948), o fenómeno da autoestereotipación negativa (*negative self-stereotyping*) constitúe un proceso psicolóxico vinculado, frecuentemente, a contextos de interacción intergrupal marcados pola asimetría de poder (Burkley & Blanton 2008: 45-48). Frecuentemente visíbel, xa que logo, entre individuos pertencentes a grupos estigmatizados e/ou de baixo status social (Burkley & Blanton 2008), este marco teórico recorda o caso galego e dota de verosimillanza a caracterización autodenigrativa que marca boa parte dos *pícaros* e *graciosos* galegos presentes na literatura española aurisecular. Non resulta accesorio, por tanto, que este tipo de expresións emanadas do autoodio e dunha autoestereotipación negativa fosen atribuídas a este tipo de figuras marxinalizantes, retratados sistematicamente como inmigrantes dedicados a labores domésticos en Castela. Sen dúbida esta imaxe do «gallego» foi a que imperou na literatura española da altura, ata concibila como unha realidade secular

<sup>14</sup> Cómpre, no que atinxe a este aspecto, lembrar as palabras de Francisco de Quevedo na súa *España defendida de los tiempos de ahora de las calumnias de los noveleros y sediciosos* cando considera a Galiza como unha terra «ruda, pobre, barbara i remota, poco faborezida de naturaleza, fea con montes i áspera» (1916 [1609]: 27).

<sup>15</sup> «Don Sancho Sarmiento talks to Madame d'Aulnoy about Galicia. What he says about it is all the more remarkable in that it coincides word for word with the account written by Jouvin, and one cannot avoid a certain surprise that the noble Galician should have got up his native land from the book of a Frenchman» (2014 [1930]: xxxii).

<sup>16</sup> «Y zorro el Montañés disimulado; / Estos la comen, y hacen á Galicia / Reyno infeliz, país desventurado» (1778: I, 147).

ou atemporal, tal e como o refería Lope de Vega nas *Redondillas del Maestro Burguillos* ao reflexionar sobre a antigüidade de Madrid (Vega Carpio 1620: fol. 112r):

Fundacion fuystes de Griegos,  
En ganar el mundo rayos,  
Antes que huuiesse lacayos,  
Y esportilleros Gallegos.

Sobre esta situación social fundamentouse no século XVII a estigmatización da diáspora galega. Así o recordaba o anónimo autor de *El Tordo Vizcayno* (ca. 1638), para quen as rúas de Castela eran o mellor testemuño da baixeza social dos galegos: «su estimacion prediquen las calles de Castilla, á donde barrenderos, lacayos y esportilleros testifican su baxeza inmundas» (Anónimo 1870: 19). Nesta mesma liña xenófoba cobran sentido as palabras de Miguel de Cervantes en *La tía fingida*, ao lle negar aos galegos a propia condición humana: «los gallegos no se colocan en predicamento, porque no son alguien» (apud Herrero García 1966 [1928]: 217).

En opinión de Jost e Sidanius, é ao abeiro deste tipo relacións grupais altamente xerarquizadas onde tende a emerxer a interiorización dun heteroestereotipo negativo «among many low-status groups whose opportunities for effective collective advancement are severely limited» (2004: 297). Deste xeito, a existencia previa dun heteroestereotipo negativo sobre esta, consolidado desde o século XVI en Castela, e a intensificación deste a raíz da dominancia social do grupo receptor (castelán) ao longo do século XVII, sen dúbida debeu resultar crucial na asunción deste *constructo* exógeno polo grupo minoritario (galego). Un fenómeno que, entre outros, xa foi advertido por Sabucedo & Fernández (1998: 11), ao se referiren á incidencia psicolóxica que o denigrante estereotipo creado en Castela tivo na poboación galega:

Analizando la relación de Galicia con España en términos intergrupales, puede afirmarse que esa comunidad se caracterizó históricamente por su bajo status y poder en relación a otros grupos sociales, y que los exogrupos más poderosos impusieron un discurso negativo sobre las señas de identidad del gallego. Como consecuencia de ello, una parte importante de los ciudadanos de esta comunidad han minusvalorado durante largo tiempo sus propias señas de identidad.

Para autores como González Reboredo, en efecto, o carácter de minoría inmigrante no centro-sur peninsular resultou determinante na creación dunha «síndrome de inferioridade» entre gran parte deste continxente migratorio (2002: 20). En concreto, no que atinxe aos seitureiros galegos emigrados na Castela setecentista, este sentimento sería unha consecuencia do desequilibrio de poder entre a comunidade receptora (castelá) e a recién chegada (galega):

Aínda que resulte evidente que non tódolos galegos eran coma os pobres segadores ou emigrantes de diverso tipo que acudían a terras de Castela —igual que non tódolos casteláns eran ricos e poderosos—, a visión de Galicia por parte dos casteláns construíuse a partir deste específico contacto, e o estereotipo elaborado con esta óptica tivo que acabar influíndo no propio grupo descualificado, o que acaba asumindo unha autoidentidade negativa de xeito permanente ou circunstancial [...]. Algúns datos illados permítenos deducir que a valoración negativa dos galegos debeu provocar unha certa síndrome de inferioridade nos nosos segadores (González Reboredo 2002: 20).

Esta «autoidentidade negativa» presente na diáspora galega do século XVIII, comportou para González Reboredo (2002: 20) un «froito salientable das consecuencias dunha relación complementaria, pero notoriamente asimétrica, entre os galegos e os seus anfitrións

casteláns». Esta última circunstancia non fai senón lembrar ás condicións da diáspora galega na Castela moderna, tal e como reflexiona [Mayoral Díaz \(1974: 256\)](#) ao se referir ao contexto social vivido por Rosalía de Castro aínda no século XIX:

Hay que contar también con el sentimiento de inferioridad que el gallego —pobre, emigrante, inculto— experimentaba en tierra ajena y que alimentaba un profundo resentimiento. Unamos a esto el centralismo de un gobierno que se despreocupaba de las necesidades económicas de las regiones periféricas. Todo ello reunido cuajó en ese poema de tono feroz: «Castellanos de Castilla».

Porén, malia que o fenómeno da sega estival, especialmente popularizado no século XVIII, mantivo este desequilibrio social, o certo é que este marco asimétrico xa resultaba plenamente visíbel na centuria anterior, se ben que baixo outra aparencia: as relacións amo-lacaio. A este respecto, non resulta casual que sexa neste binomio social situado no século XVII onde se se sitúe a maior parte do corpus literario que reflicte a existencia dun sentimento de autoodio na diáspora galega. Así o se observa en obras seiscentistas como *La villana de La Sagra* (escrita por volta do ano 1606), *Los amantes de Teruel* (escrita entre 1614 e 1615), *Santa Casilda* (ca. 1614) ou *El mártir de Madrid* (1619). Baixo esta óptica, a orixe do autoodio nas capas máis desfavorecidas semella iniciarse na diáspora, a raíz das grandes vagas migratorias que desde a segunda metade do século XVI propiciaron a emigración de milleiros de galegos e galegas ao centro peninsular con motivo dun período de pragas e fames (vid. [Martínez Rodríguez 1998: 452](#)). Un espectro cronolóxico entre «finais da Idade Media e dos séculos escuros», xa apuntado por [Freixeiro Mato \(2014: 129\)](#) e que, tal e como intuía Monteagudo, se xestaría fóra de Galiza<sup>17</sup>. É entón cando unha masa, os máis deles campesiños, tomen contacto co mundo castelán e sobre todo co seu ideario colectivo. Un imaxinario onde xa se asentaba un forte prexuízo antigalego como evidencia a existe de paremias tales como *a gallego pedidor*, *castellano tenedor* ([Núñez de Toledo 1555: fol. 3v](#)).

Con todo, non foron os estratos máis baixos da sociedade galega os únicos en desenvolver autoodio nin os primeiros en entrar en contacto co mundo castelán. Abonda con sinalar os casos xa analizados entre a alta aristocracia, un grupo social que entrou en contacto, inicialmente *manu militari*, coa monarquía e institucións castelás e que puido, en efecto, desenvolver temperamente un certo sentimento de inferioridade mais tamén de vindicación política, ben visíbel en casos como os de Diego Sarmiento de Acuña ou Pedro Fernández de Castro.

## 6. CONCLUSIÓNS

Tal e como o advertiron numerosos estudosos desde a primeira metade do século XX, a autoestereotipación negativa e/ou o autoodio representaron fenómenos psicolóxicos frecuentemente asociados ao personaxe do «gallego» na literatura española seiscentista. Desde a produción máis culta até a máis popular, o autoodio dos personaxes galegos fundamentouse na aceptación e interiorización do estereotipo antigalego presente no imaxinario castelán do século XVII, marcado este por un sentimento xenófobo cara aos galegos e cara á súa lingua

Como apuntaron autores como [González Reboredo \(2002: 20\)](#), esta coincidencia discursiva, social e cronolóxica semella ter respondido á asimetría de poder establecido

<sup>17</sup> «Pero o “odio” contra a lingua tiña unha orixe social, e moi probablemente esa orixe haina que buscar fóra de Galicia e non dentro das nosas fronteiras» ([Monteagudo 1999: 243-4](#)).

nas relación entre galegos inmigrantes e receptores casteláns. Un contexto intergrupar que, nas súas capas máis baixas, responde a unha realidade migratoria cuxos inicios se sitúan na segunda metade do século XVI co desprazamento á meseta de milleiros de campesiños galegos. Con todo, se ben que o desenvolvemento do autoodio étnico e lingüístico semella ter incidido con maior intensidade nas capas sociais máis desfavorecidas da diáspora, xa no século XVII este resulta igualmente visíbel, se ben exiguamente, nas elites do reino de Galiza como consecuencia da súa exposición á ideoloxía predominantemente castelanista do Estado. Tras esta atópase, igualmente, unha das causas da «decadencia lingüístico-literaria» do galego na Idade Moderna (Ferreiro 1988 [1982]: 52).

A través das reflexións de Martín Sarmiento no que atinxe ao sistema educativo do seu tempo, podemos situar a extensión deste fenómeno na propia Galiza un século despois, constatándose para Santamarina (1997: 60), así, a difusión do autoodio lingüístico que, en última instancia, aínda segue vixente na actualidade (vid. Freixeiro Mato 2014).

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALONSO MONTERO, Xesús (1974): *Galicia vista por los no gallegos: cuatrocientos autores: de Estrabón a Laín Entralgo*. Madrid: Ediciones Júcar.
- ANÓNIMO (1646): *La vida i hechos de Estevanillo Gonzalez, hombre de buen humor. Compuesto por el mesmo*. Amberes: En casa de la viuda de Juan Cnobbart.
- ANÓNIMO (1870): *El Tordo Vizcayno. Contestación al Búho Gallego*. Bilbao: Imp. del «Euscalduna».
- ARIAS PÉREZ, Pedro (1954 [1621]): *Primavera y flor de los mejores romances. Recogidos por el licdo. Arias Pérez*. Con un estudio preliminar de José F. Montesinos, Oxford: Dolphin Book Co.
- ARJONA, José Homero (1939): “La introducción del gracioso en el teatro de Lope de Vega”. *Hispanic Review* VII/1, 1-21.
- AULNOY, Marie-Catherine Le Jumel DE BARNEVILLE (1691): *Relation du voyage d’Espagne*, vol. I. Paris: Claude Barbin.
- BEARDSLEY, Grace Hadley (1929): *The Negro in Greek Roman Civilization: A Study of the Ethiopian Type*. Baltimore: Johns Hopkins University Press.
- BRAVO-VILLASANTE, Carmen (ed.) (1978): *Villancicos del siglo XVII y XVIII*. Madrid: Magisterio Español.
- BUEZO, Catalina (1994): “La figura del gallego en los villancicos toledanos de los siglos XVII y XVIII”. En R. Lorenzo (ed.): *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas IV*, 417-47. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- BURKLEY, Melissa & Hart BLANTON (2008): “Endorsing a negative in-group stereotype as a self-protective strategy: Sacrificing the group to save the self”. *Journal of Experimental Social Psychology* 44, 37-49.
- CARAMÉS MARTÍNEZ, Xesús (1993): *A imaxe de Galicia e os galegos na literatura castelá*. Vigo: Galaxia.
- CERNADAS DE CASTRO, Diego Antonio (1778): *Obras en prosa y verso del Cura de Fruime, D. Diego Antonio Cernadas de Castro, natural de Santiago de Galicia*. Madrid: Por D. Joachin Ibarra (7 vols.).



- CID MARTÍNEZ, Jesús A. (2003): "Gallegos, hidalgos y pícaros. Estebanillo González y Salvatierra de Miño". En *Estudios ofrecidos al profesor José Jesús de Bustos Tovar II*. Madrid: Editorial Complutense, 1187-213.
- COUPLAND, Nikolas, Howard GILES & Justine COUPLAND (1991): *Language, society and the elderly: Discourse, identity and ageing*. Oxford: Basil Blackwell.
- DUNDES, Alan (1996): *Folklore Matters*. Knoxville: the University of Tennessee Press.
- DURÁN-LORIGA, Juan (2006): *El embajador y el rey: El conde de Gondomar y Jacobo I de Inglaterra*. Madrid: Ministerio de Asuntos Exteriores y de Cooperación.
- ESCAMILLA, Pedro (1861): *Un gallego: comedia original en un acto y en verso*. Biblioteca Dramática. Madrid: Impr. de V. de Lalama.
- ESTEBAN, José (2003): *Judas!... Hi... de puta! Insultos y animadversión entre españoles*. Sevilla: Editorial Renacimiento.
- FERREIRO, Manuel (1988 [1982]): "Unha ruptura na literatura galega: os Séculos Escuros". En *A nosa literatura. Unha interpretación para hoxe*. A Coruña: A. C. Alexandre Bóveda, 45-64.
- FILGUEIRA IGLESIAS DE URREA, M.<sup>a</sup> Ángeles (1995): "Lengua materna y educación en Fray Martín Sarmiento". En *Estudios adicados a Fr. Martín Sarmiento. Artigos tirados do «Cuadernos de Estudios Gallegos» (1945-1982)*. Santiago de Compostela: Consejo Superior de Investigaciones Científicas / Instituto "Padre Sarmiento", 203-82.
- FOULCHÉ-DELBOSC, Raymond 2014 [1930]): "Introduction". En M.-C. Le Jumel de Barneville (ed.): *Travels into Spain*. London: George Routledge & sons, Ltd, I-LXXIII.
- FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón (2009): "Lingua galega e preconceito". *Revista Galega de Filoloxía* 10, 115-44.
- FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón (2014): "A lingua tiveran por lingua d'escravos. O autoodio como concepto sociolingüístico". *Estudos de Lingüística Galega* 6, 117-37.
- FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón (2020 [1997]): *Lingua galega: normalidade e conflito*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- GARCÍA DE CASTRO, Diego (2006): *Refranes que dizen los viejos. Seniloquium*. Ed. e trad. de F. Cantalapiedra Erostarbe & J. Moreno Uclés. València: Publicacions de la Universitat de València.
- GARMENDIA, Vincent (2016): *De Madrid al cielo: dictionnaire des expressions espagnoles avec toponyme et leur équivalent français*. Saint-Denis: Connaissances et savoirs.
- GÓMEZ YEBRA, Antonio A. (1988): *El niño-pícaro literario de los siglos de oro*. Barcelona: Anthropos.
- GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé M. (2002): "Segadores e identidade galega". *Galicia e a sega en Castela ao longo dos tempos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 11-26.
- GRAY, Vivienne J. (1998): *The Framing of Socrates: The Literary Interpretation of Xenophon's Memorabilia*. Stuttgart: Franz Steiner-Verlag.
- HERRERO GARCÍA, Miguel (1966 [1928]): *Ideas de los españoles del siglo XVII*. Madrid: Gredos.
- HURTADO DE MENDOZA, Antonio (1728): *Obras líricas, y cómicas, divinas, y humanas, con la celestial ambrosia del admirable poema sacro de Maria Santissima*. Madrid: En la oficina de Juan de Zúñiga, á costa de Francisco Medèl del Castillo.

- JOST, John T. & Jim SIDANIUS (2004): *Political psychology: Key readings*. New York: Psychology Press.
- JOST, John T (2001): "Outgroup favoritism and the theory of system justification: An experimental paradigm for investigating the effects of socio-economic success on stereotype content". En G. Moskowitz (ed.), *Cognitive social psychology: The Princeton Symposium on the legacy and future of social cognition*. Mahwah, NJ: Erlbaum Press, 89-102.
- KANG, OKIM & Donald RUBIN (2014): "Reverse linguistic stereotyping". En J. Levis & A. Moyer (eds.): *Social dynamics in second language accent*. Berlin: DeGruyter Mouton, 239-53.
- KORREAS, Gonzalo (1627): *Vokabulario de rrefranes i frases proverbiales i otras fórmulas komunes de la lengua kastellana*. Biblioteca Nacional de España, Madrid (Mss/4450).
- KRISTIANSEN, Gitte (2003): "How to do things with allophones: Linguistic stereotypes as cognitive reference points in social cognition". En R. Dirven, R. Frank & M. Pütz (eds.), *Cognitive models in Language and Thought: Ideologies, Metaphors, and Meanings*. Berlin / New York: Mouton de Gruyter, 69-120.
- LEAHY, Chad (2008): "¿Lascivas o esquivas? La identidad geografica y sexual de las yeguas gallegas en Don Quijote" (I, 15). *Cervantes. Bulletin of the Cervantes Society of America* 28/2, 89-118.
- LOREDO, X. (2015): "Aproximación á situación sociolingüística en Galicia. A evolución da transmisión lingüística interxeracional do galego". *A Letra Miúda. Revista de Sociolingüística en Galicia* 6, 1-30.
- MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, Enrique (1998): "La población en la Galicia de Felipe II". En *El Reino de Galicia en la Monarquía de Felipe II*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 441-71.
- MAYORAL DÍAZ, Marina (1974): *La poesía de Rosalía de Castro*. Madrid: Gredos
- MIRA DE AMESCUA, Antonio (2014): *El mártir de Madrid*. Edición de Miguel González Dengra. Alicante: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes. En liña: <http://www.cervantesvirtual.com/nd/ark:/59851/bmcvh7c3>; [consulta 3/2/2018].
- MOLINA, Tirso DE [pseud. de Gabriel Téllez] (1634): La villana de la Sagra. En *Parte tercera de las comedias del maestro Tirso de Molina*. Tortosa: En la Imprenta de Francisco Martorell, ff. 210v-231v.
- MOLINA, Tirso DE [pseud. de Gabriel Téllez] (1636): *Escarmientos para el cuerdo*. En Madrid: En la Imprenta Real, a costa de Gabriel de Leon.
- MONDÉJAR, José (1991): *Dialectología andaluza*. Estudios. Granada: Don Quijote.
- MONROY Y SILVA, Christoval DE (1763): *La batalla de Pavia y prision del rey Francisco*. Valencia: En la Imprenta de la Viuda de Joseph de Orga.
- MONTEAGUDO, Henrique (1999): *Historia social da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- MURPHY, Colleen (2012): *A moral theory of political reconciliation*. Cambridge: Cambridge University Press.
- NÚÑEZ DE TOLEDO, Hernán (1555): *Refranes o proverbios en romance*. Salamanca: Juan de Canova.
- PENSADO, José Luis (1985): *El gallego, Galicia y los gallegos a través de los tiempos*. A Coruña: La Voz de Galicia.

- PENSADO, José Luis (1999 [1982]): "Evaluación del asturiano entre las lenguas de España". *Lletres Asturianas* 1, 28-40 [Reeditado en *Estudios Asturianos*. Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana].
- PÉREZ DE MONTALBÁN, Juan (1638): *El valiente mas dichoso, Don Pedro Guiral*. Madrid: En la imprenta del Reyno, a costa de Alonso Perez de Montalvan.
- PONDAL, Eduardo (2017): *Eduardo Pondal. Os cantos eran da Patria (120 poemas)*. Ed. de M. Ferreiro. A Coruña: Real Academia Galega.
- QUEVEDO, Francisco DE (1699): *Obras de Don Francisco de Quevedo*. Amberes: Por Henrico y Cornelio Verdussen.
- QUEVEDO, Francisco DE (1916): "España defendida y los tiempos de ahora, de las calumnias de los noveleros y sediciosos". En R. S. Rose (ed.): *Boletín de la Real Academia de la Historia* 68, 629-39.
- REITERER, Susanne M. *et al.* (2020): "Foreign language learning motivation: Phonetic chill or Latin lover effect? Does sound structure or social stereotyping drive FLL?". En K. D. Federmeir & H.-W. Huang (eds.): *Adult and Second Language Learning*. Cambridge, Mass.: Elsevier, 165-205.
- SAAVEDRA, Pegerto (2010): "La Galicia que vio nacer y crecer a Gregorio Fernández". *Cuadernos de Estudios Gallegos* 57/123, 273-98.
- SABUCEDO CAMESELLE, José Manuel & Concepción FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ (1998): "Nacionalismos e Ideología. Un análisis psicosocial". *Psicología Política* 17, 7-19.
- SANTAMARINA, Antón (1997): "O Padre Sarmiento, precursor dos estudos románicos". En *O Padre Sarmiento e o seu tempo. Actas do Congreso II*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 31-65.
- SCOTT, Daryl M. (1997): *Contempt and pity: Social policy and the image of the damaged Black psyche, 1880-1996*. Chapel Hill: University of North Carolina Press.
- TABOADA CHIVITE, Xesús (1955): "La descalificación de Galicia en la literatura y en el pueblo". *Douro Litoral*. Sexta série VII-VIII, 105-27.
- TAJFEL, Henri (2010): *Social identity and intergroup relations*. Cambridge: Cambridge University Press.
- TEIJEIRO FUENTES, Miguel Ángel (1996): "Galicia y los gallegos en la literatura española del Siglo de Oro". En L. González (ed.). *Scriptura* 11, 203-46.
- TRIANDIS, Harry C. (1972): *Analysis of subjective culture*. New York: Wiley.
- VEGA, Lope DE (1620): *Justa poética al bienaventurado S. Isidro*. Madrid: por la viuda de Alonso Martín.
- VIGO TRASANCOS, Alfredo (2005): "Las «siete maravillas» del antiguo reino de Galicia, orgullo y reivindicación de una tierra marginada (1550-1754)". *Quintana. Revista de Estudos do Departamento de Historia da Arte* 4, 55-81.
- VILLEGAS, Juan Bautista DE (1654): "La morica garrida". En *Teatro poético en doce comedias nuevas, de los mejores ingenios de España: septima parte*. Madrid: Por Dominga García y Morrás.